

Mundo do trasmundo

Debo manifestar, desde xa, a miña admiración pola obra de Xosé Miranda. Heteróclita, profunda e lixeira a un tempo, nada convencional, sempre roldando as marxes e o cerne dos xéneros, adentrándose no romance de aventuras, na prosa de inspiración popular, no verso intimista, na revisión reflexiva e enciclopédica de mitos e costumes. Escritor culto e de culto, pois xunto con libros que gozan dun caudaloso éxito de vendas alterna obras secretas, inspiradísimas, que pasaron vergoñentemente desapercibidas pola crítica (así aconteceu co poemario *Permiso para o corso*, obra colosal en todos os sentidos). Agora vén de dar ao lume *As mans do medo*, que parece inscribirse no territorio do terror fantástico.



Trátase dun conxunto de narracións de extensión variábel. A pri-

Unha obra profunda e lixeira

 ROMÁN RAÑA

meira, a que dá título ao volume, relata a sorpresiva aparición dunha man que, lembrando o vello Poe e o máis recente Juan José Millás, ten vida autónoma. Non vou revelar os segredos do relato, mais debo indicar que ten un ritmo ben acelerado. O segundo, “Un conto de Reis”, resulta unha clara homenaxe ao Ferrín de “O Suso” e posúe, para quen isto escribe, unha rara eficacia narrativa, pola crudeza que alberga, pola cruel concisión da historia protagonizada por nenos inocentes. O terceiro conto, “A neve e a cadeira”, é o máis extenso do conxunto. Ao modo de Lovecraft, nunha vila galega van acontecendo estraños feitos que derivan

nun impactante final (de novo un neno indefenso protagoniza esta historia). O cuarto, “Primeiro calafrío”, é un pesadelo que lembra o Borges, como un fogonazo preciso. O quinto, “Anxos da garda”, resulta magnífico na súa grande brevidade alucinatória. Ao igual que o seguinte, “Segundo calafrío”, tamén de pendor borgiano.

O sétimo conto, “Lambirón”, está escrito nunha prosa admirábel (con Cunqueiro ao fondo) e fala dun home que dexenera en algo que non digo; o oitavo, “Seis dedos”, insírese nun contexto histórico do Alzamento militar do 36 e tamén fala dunha estraña mutación; o noveno, “Mondoñedo”, trata da profunda miseria e do misterio dun morto.

Nove exemplos, pois, do mundo do trasmundo, do medo que convive coa vida.

MIRANDA, Xosé, *As mans do medo*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 155 páxinas.